AGEFEC
Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria

Informe de resultados da enquisa formativa 2025

Desde AGEFEC, consideramos que a formación continua é esencial para garantir unha asistencia sanitaria de calidade no ámbito da enfermaría familiar e comunitaria. Co obxectivo de mellorar a nosa oferta formativa e adaptala ás necesidades dos nosos socios e socias, realizamos unha enquisa para identificar preferencias e prioridades. Agradecemos a vosa ampla participación, que reflicte o compromiso da nosa comunidade coa mellora profesional.

Resultados principais

1. Distribución xeográfica

Os participantes na enquisa (n=79) estiveron amplamente distribuídos entre as provincias galegas:



2. Ámbito principal de traballo

O 86% dos participantes desenvolvía a súa actividade na asistencia primaria, destacando a relevancia deste ámbito para a formación continua. Outros ámbitos como a docencia

e a asistencia hospitalaria acadaron un 5% cada un, mentres que a xestión e a investigación representaron un 4% e un 1%, respectivamente.

3. Experiencia profesional

A experiencia dos participantes mostrou unha distribución variada: o **59% indicou ter menos de 5 anos de experiencia en atención primaria**, mentres que o 27% contaba con entre 5 e 10 anos. Os profesionais con máis de 10 anos supuxeron un 14% do total.

4. Preferencias formativas

As modalidades formativas preferidas foron os cursos en liña **asincrónicos** (35%) e os **talleres prácticos** (29%), o que indica a necesidade de formatos flexibles e interactivos. Pola súa parte, os cursos presenciais acadaron un 25% de preferencia e os webinarios en directo un 10%.

En canto á duración, as xornadas de medio día foron preferidas polo 52% dos participantes, seguidas de **sesións curtas de 1-2 horas** (37%). Ademais, o 91% considerou importante que as actividades formativas estean acreditadas.

5. Temáticas formativas prioritarias

As principais áreas de interese foron a **abordaxe e seguimento de pacientes crónicos** (12%), educación para a saúde e promoción de **estilos de vida saudables** (10%) e **promoción de contornas saudables en ámbitos comunitarios** (10%). Ademais, procedementos de enfermaría, como **feridas e cirurxía menor**, acadaron un 9% de preferencia, mentres que o **manexo de urxencias representou** un 8%.

6. Motivación para a formación

Conclusións

Os resultados desta enquisa proporcionan unha visión clara das necesidades formativas dos nosos socios e socias. Desde AGEFEC, comprométemonos a deseñar unha oferta formativa adaptada e de calidade, tentando priorizar as seguintes liñas:

- Ampliar a oferta de cursos en liña e talleres prácticos.
- Desenvolver actividades acreditadas de curta duración, preferentemente en formato de xornadas de medio día.
- Enfocar os contidos nas temáticas máis demandadas, como a abordaxe de cronicidade e a promoción da saúde comunitaria.

Queremos agradecer de novo a todos os socios e socias que participaron nesta enquisa. Grazas a vós, continuaremos avanzando cara a unha formación máis robusta e accesible, adaptada ás necesidades reais da enfermaría familiar e comunitaria.

Xuntos, podemos consolidar o noso papel como referentes no coidado de calidade e no desenvolvemento profesional en Galicia. Seguimos contando convosco para facer da nosa profesión un exemplo de compromiso e excelencia.

Xunta Directiva AGEFEC. Xaneiro 2025.